



# Concello de Barbadás

## **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DO DESFILE DE ENTROIDO DO CONCELLO DE BARBADÁS 2026**

Con motivo da celebración do Entroido 2026 a Concellería de Cultura do Concello de Barbadás convoca o concurso do desfile de Entroido 2026, con arranxo ás seguintes bases:

### **1. Obxecto**

O Concello de Barbadás, co obxecto de fomentar, conservar, promocionar e ensalzar o tradicional Entroido, organiza e convoca o concurso do desfile de Entroido 2026, mediante convocatoria por concurrencia competitiva.

### **2. Requisitos**

Poderán participar calquera persoa ou grupo de persoas (asociacións veciñais, culturais, etc.) que presenten a súa solicitude no prazo e forma establecidos.

#### **2.1 Normas de participación**

- O desfile terá lugar o martes, día 17 de febreiro ás 17 horas e o seu percorrido será pola Avenida de Celanova. Os participantes deberán estar ese día ás 16 horas na rúa dos Carris.
- A cada grupo ou persoa inscrita adxudicaráselle un número coa orde de participación no desfile.
- Todos os vehículos que participen no desfile deberán ter en vigor a póliza de seguro obrigatorio de circulación e inspección técnica de vehículos.
- Os/as participantes deberán inscribirse nunha única categoría.
- Os/as participantes no desfile comprométese a responsabilizarse dos actos ou accións que se produzan durante o mesmo, eximindo ao Concello de Barbadás de calquera responsabilidade.
- Queda prohibido o uso de petardos ou lanzamento de obxectos perigosos ao público, quedando excluídos do desfile.

### **3. Categorías**

Definición de comparsa:

Considerase comparsa a un grupo de persoas cunha mesma temática para os disfraces podendo incluír plataforma móbil e música.

Establecense as seguintes categorías:

- Comparsas de 10 ou menos participantes: ata 10 persoas.
- Comparsas de máis de 10 participantes.



## 4. Forma e prazo de presentación

- O prazo de presentación será dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e ata o día 16 de febreiro de 2026 ata ás 12:00 h. da mañá.
- A inscrición realizarase a través do formulario en liña, que estará disponible na páxina web: [www.barbadas.es](http://www.barbadas.es).

## 5. Publicacións

Todas as publicacións se efectuarán na sede electrónica municipal Concello de Barbadás. Cimadevila nº 1 32890 Barbadás Telf. 988360000 Fax 988360401 Cif: P-3200900 C (<https://barbadas.sedelectronica.gal>) e na páxina web municipal (<https://www.barbadas.es>). Ademais de ser publicadas na Bases de Datos Nacional de Subvencións. A convocatoria, xunto coas bases, será publicada así mesmo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

## 6. Procedemento

A aprobación das bases e a convocatoria será por resolución de alcaldía.

A tramitación do expediente corresponderá a Concellería de Cultura.

O Xurado encargado de seleccionar aos participantes gañadores nas diferentes categorías estará composto:

- A Concelleiro de Cultura (ou persoa na que delegue), que actuará como presidente.
- Cinco persoas representativas do ámbito da cultura e asociativo do Concello, que actuarán como vogais.
- Secretario do Concello de Barbadás (ou persoa na que delegue), actuando como secretario.

O xurado terá en conta á hora de valorar aos participantes principalmente que as calidades respondan ao espírito do entroido (a graza, a empatía co público, a sátira, a transgresión, a retranca), a animación musical, a creatividade, a elaboración do vestiario e do resto do atrezzo, e o número de participantes. Tamén se terán en conta para a valoración da comparsa a incorporación de plataforma móbil (vehículo, remolques, plataformas móbiles...) e música.

As decisións do xurado serán inapelables, valorándose segundo os criterios nomeados anteriormente.. Da reunión do xurado, levantarase acta coa designación das persoas/grupos premiados en cada categoría. De estimalo necesario, o xurado poderá propor que algún premio quede deserto.

Por Resolución de Alcaldía, á vista da decisión do Xurado, previa presentación por parte das persoas premiadas da declaración xurada de atoparse ao corrente de pagamento coa Facenda estatal, autonómica e local así como coa Seguridade Social, procederase a concesión dos premios, que se



# Concello de Barbadás

publicará conforme o establecido no apartado 5 das presentes bases. A publicación terá a consideración de notificación a todos os efectos.

O prazo máximo para a publicación da resolución será o día 28 de febreiro de 2026.

## 7. Premios

Establécense os seguintes premios por categorías:

- Comparsas de 10 ou menos participantes: 1º premio 550 €, 2º Premio 450 €.
- Comparsas de máis de 10 participantes: 1º premio 1.100 €, 2º Premio 800 €, 3º Premio 700 €, 4º Premio 500 €, 5º Premio 450 €, 6º Premio 350 €, 7º Premio 300 €, 8º Premio 250 €.
- Premios Especiais: Estes premios especiais serán para comparsas non premiadas.
  - Especial deseño: 250 €
  - Especial animación: 250 €

O pago dos premios realizarase mediante transferencia bancaria, presentando se é o caso, certificación da exención do IRPF. Nos demais casos, as compensacións económicas estarán suxeitas ás retencións que correspondan en función da normativa fiscal.

## 8. Axudas a asociacións

As asociacións que participen no Desfile do Martes de Entroido 2026 compostas por 10 ou máis integrantes e se atopen debidamente inscritas, a data 31/12/2024, no Rexistro de Asociacións do Concello de Barbadás, recibirán unha axuda de 300 €, ata completar a dispoñibilidade da partida orzamentaria destinada para esta finalidade, a adxudicación da axuda será establecida por riguroso orde de solicitude de inscrición.

## 9. Disposicións adicionais

1. A participación no desfile suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.
2. O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.
3. En todo o non disposto das presentes bases estarase ao disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Barbadás e na lexislación estatal e autonómica na materia.
4. Non están previstas a constitución de garantías, o abono anticipado de pagamentos nin circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poidan dar lugar a modificación da resolución.
6. Será de aplicación o réxime de recursos establecido no Título V da Lei 39/2015.



# Concello de Barbadás

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.